

CONVOCATORIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA BOLSAS DE COLABORACIÓN EN FORMACIÓN COMPLEMENTARIA NOS DEPARTAMENTOS UNIVERSITARIOS DOS CENTROS PROPIOS. CURSO 2017/2018

A Universidade da Coruña e o Banco Santander convocan bolsas de colaboración en formación complementaria nos departamentos universitarios dos centros propios da Universidade da Coruña.

OBXECTO DAS AXUDAS.

A Universidade da Coruña, co fin de favorecer a formación complementaria do estudantado desenvolvendo a súa formación teórica e práctica, fai pública a convocatoria de 50 bolsas de formación complementaria nos Departamentos da Universidade da Coruña (2 prazas por departamento do Anexo I) para a realización de tarefas de apoio aos departamentos.

ORZAMENTO

A dotación total das bolsas será de cento once mil trescentos nove euros con cincuenta céntimos (111.319,00 €) con cargo á partida orzamentaria 0300 422D 480.00. Sen prexuízo de que este importe puidese ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

CONTÍA E PERÍODO

O importe bruto da axuda será de 240 € mensuais, ao que se lle aplicarán as retencións correspondentes a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, conforme ao previsto na norma reguladora dese imposto.

Así mesmo, ao antedito importe descontárselle a cotización da Seguridade Social correspondente á persoa adxudicataria, segundo o disposto no Real Decreto 1493/2011 de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación. O pagamento efectuarase con referencia á situación do dereito da persoa bolseira ao día último do mes que corresponda.

A duración destas bolsas será de 8 meses comprendidos entre o día 1 outubro de 2017 ao 31 de maio de 2018, cunha dedicación de 8 horas semanais, sen que o tempo de dedicación diaria poida exceder de catro horas. O horario concertarse co/a titor/a tendo en conta a ocupación lectiva da persoa adxudicataria.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Todas as persoas solicitantes dunha bolsa deberán cumplir os seguintes requisitos:

1. Estar matriculado e ao corrente do pagamento no curso 2017/2018 na Universidade da Coruña en estudos oficiais de:
 - Arquitectura ou Enxeñaría superior.
 - Titulacións de Grao.

2. Ter superados o 30% dos créditos na titulación onde estea matriculado.
3. Non percibir ningunha axuda económica incompatible. Son incompatibles con bolsas de colaboración do MEC e calquera outra para o mesmo fin. Tampouco poderá realizarse ningunha actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional. Para tales efectos, poderase solicitar á persoa interesada certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas. Son compatibles coas bolsas de carácter xeral do MEC, da Administración Autonómica e as axudas convocadas pola UDC (transporte, residencias...). A obtención simultánea dunha bolsa convocada por esta resolución con algúnhola bolsa incompatible será causa de reintegro. Non obstante e sen prexuízo do anterior, cando un estudiante sexa beneficiario das Bolsas de colaboración en formación complementaria nos departamentos universitarios dos centros propios e das Bolsas de colaboración para formación complementaria do estudantado da Universidade da Coruña, curso 2017/2018, deberá aceptar só unha delas.
4. Non estar en posesión nin reunir os requisitos legais para a expedición dun título universitario na data de finalización do prazo de presentación da solicitude da convocatoria, agás se a titulación é o requisito académico para continuar os estudos na Universidade da Coruña.
5. Os bolseiros de colaboración deberán manter a condición de estudiantes dalgúnha das titulacións oficiais que se imparten na Universidade da Coruña durante o período completo de duración da bolsa.
6. A perda da condición de estudiante dalgúnha das titulacións oficiais que se imparten na Universidade da Coruña supoñerá o cesamento automático da bolsa e a perda dos dereitos que esta leva consigo.
7. Non poderá solicitar unha bolsa de colaboración a persoa que gozase con anterioridade doutra bolsa de colaboración da Universidade da Coruña.

CONDICIÓN S DA BOLSA

- Existir conexión entre a actividade obxecto da bolsa e o perfil académico da persoa solicitante.
- O departamento solicitado terá que impartir docencia na titulación na que está matriculada a persoa solicitante.
- A persoa solicitante só poderá presentar a súa candidatura en 2 departamentos, por orde de preferencia, que cumpran as condicións anteriormente citadas.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes deberán cumplimentarse a través da aplicación informática á que se accede dende: <http://bolsas.udc.es>

Deberase acompañar a seguinte documentación:

- Currículo da persoa solicitante, coa documentación que o acredita. Recoméndase que se siga o formato especificado polo Europass

(<http://europass.cedefop.europa.eu/europass/home/vernav/Europass+Documents/Europass+CV.csp>).

- Declaración xurada de non contar con ningunha axuda económica incompatible, nin realizar ningunha actividade retribuída. No caso de realizarse unha actividade retribuída, certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas, para os efectos de comprobar que non se obteñen ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional.

Cada solicitante soamente poderá presentarse a 2 bolsas distintas, no caso de exceder ese número, quedarán anuladas todas as solicitudes presentadas.

COMISIÓN DE SELECCIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A Comisión de Selección encargada de valorar as solicitudes será a Comisión de Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno, ligazón: http://www.udc.es/gobierno/organos_colexiados_e_estatutarios/consello_gobierno/comisiones_estables.html

Criterios de avaliación:

1-. Expediente académico: até 7,5 (75% da puntuación total), tendo en conta a nota media simple calculada segundo a Resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 30 de setembro).

2-. Outros méritos: até 2 puntos (20% da puntuación total).

- Coñecementos de idiomas: até 1 punto (10% da puntuación total).

Nivel A2 ou equivalente: 0,2 puntos

Nivel B1 ou equivalente: 0,4 puntos

Nivel B2 ou equivalente: 0,6 puntos

Nivel C1 ou equivalente: 0,8 puntos

Nivel C2 ou equivalente: 1 punto

- Coñecementos informáticos: até 1 punto (10% da puntuación total).

Cursos inferiores a 10 horas: 0,2 puntos

Cursos entre 10-19 horas: 0,3 puntos

Cursos entre 20-49 horas: 0,4 puntos

Cursos de más de 49 horas: 0,5 puntos

3-. Coñecemento acreditado de galego: até 0,5 (5% da puntuación total).

Celga 1 ou equivalente: 0,1 puntos

Celga 2 ou equivalente: 0,2 puntos

Celga 3 ou equivalente: 0,3 puntos

Celga 4 ou equivalente: 0,4 puntos

Celga 5 ou equivalente: 0,5 puntos

Só se valorarán os méritos que se acreditan documentalmente referidos á data de finalización de presentación de solicitudes.

Publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña unha listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas e abrirase un prazo 5 días hábiles para presentar reclamacións. Transcorrido este prazo, procederase á resolución da

solicitud de bolsa e á súa publicación no mesmo lugar en que se publicou a convocatoria.

Contra a resolución, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de reposición perante o reitor no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

OBRIGAS DA PERSOA BOLSEIRA

A persoa bolseira comprométese a realizar a súa actividade seguindo as indicacións do/a titor/a.

O incumprimento por parte da persoa bolseira dalgunha das condicións recollidas nestas bases suporá a perda da bolsa concedida e mesmo o reintegro das cantidades percibidas.

A persoa bolseira comprométese a presentar ao responsable da súa titorización unha breve memoria das actividades realizadas antes do 30 de abril, que será custodiada no Departamento na que se realice a bolsa. O incumprimento desta obriga suporá a devolución da contía recibida.

ACEPTACIÓN E RENUNCIA

A aceptación da bolsa, na que a persoa interesada se compromete a cumplir todas as condicións recollidas nesta convocatoria, deberase efectuar no prazo de 7 días hábiles desde o día seguinte a publicación da resolución da convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña. A dita aceptación poderase facer dalgunha das seguintes formas:

- Presencial no SAPE (Coruña ou Ferrol) mediante a presentación dos documentos asinados pola persoa interesada:
 - Impreso de aceptación
 - Impreso alta persoal
 - Impreso datos bancarios (orixinal)
 - Número de NUSS (Número de Usuario de Seguridade Social)
 - DNI
- Mediante o envío da documentación a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou norma que o substitúa.

Enlace modelo de impresos: http://www.udc.es/sape/descarga_documentos/

Se no prazo de 7 días mencionado non se recibise a aceptación por parte do/a adxudicatario/a, entenderase que renuncia á bolsa.

As comunicacións coas persoas da listaxe de agarda, que por renuncia dos/as adxudicatarios/as tivesen dereito ao aproveitamento da bolsa, farase pola Universidade á conta de correo electrónico, con acuse de recibo, indicada na solicitude e disporán dun prazo de 3 días hábiles para aceptar a bolsa mediante algunha das

formas descritas anteriormente. No caso de non obter contestación no prazo indicado entenderase que renuncia.

Todas as baixas que se produciren antes do 15 de marzo de 2018 serán substituídas pola seguinte persoa da relación que elaborará a Comisión de Selección.

Esta convocatoria debe ser integrada e interpretada ao abeiro do Regulamento de bolsas de colaboración para formación na Universidade da Coruña, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 31 de maio de 2016.

PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude será dende a publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) até as 24.00 h. do día 30 de xuño de 2017.

PROTECCIÓN DE DATOS

A solicitude dunha bolsa de colaboración da Universidade da Coruña implica a aceptación do contido do Regulamento de bolsas de colaboración para formación na Universidade da Coruña e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade da Coruña, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, co fin da correcta xestión das bolsas.

A Coruña, 15 de xuño de 2017

O reitor

Julio E. Abalde Alonso

ANEXO I

BOLSAS DE DEPARTAMENTOS: (2 PRAZAS POR DEPARTAMENTO)

CENTRO	DEPARTAMENTO
Facultade de Ciencias	Biología
	Física e Ciencias da Terra
	Química
Facultade de Economía e Empresa	Economía
	Empresa
Facultade de Dereito	Dereito Público
	Dereito Privado
Facultade de Filoloxía	Letras
Facultade de Informática	Computación
	Enxeñaría de Computadores
	Matemáticas
Facultade de Socioloxía	Socioloxía e Ciencias da Comunicación
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física.	Educación Física e Deportiva
E.T.S. de Arquitectura	Construccións e Estruturas Arquitectónicas, Civis e Aeronáuticas
	Expresión Gráfica Arquitectónica
	Proyectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición
E.T.S de Náutica e Máquinas	Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña
E.T.S. de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	Enxeñaría Civil
Facultade de Fisioterapia	Ciencias Biomédicas, Medicina e Fisioterapia
Facultad de CC. da Educación	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación
	Pedagogía e Didáctica
	Psicología
Escola Politécnica Superior	Enxeñaría Naval e Industrial
Facultade de Enfermaría e Podología (Ferrol)	Ciencias da Saúde
E. U. Politécnica	Enxeñaría Industrial